

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 5 de novembro de 2012

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Agüete, Pilar
Rodríguez Domínguez, M^a Mar
Valcárcel Fernández, Patricia
Martínez Yáñez, Nora M^a
Muleiro Parada, Luis Miguel

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a Antonia
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Caballero Fernández, Gloria
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández carballo-Calero, Pablo
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
Grande Seara, Pablo
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa
Orge Míguez José Carlos
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Santos Castroviejo, Iago
Tato Plaza, Anxo
Trigo Gómez, Pilar

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa

Araújo Figueroa, Isaac Borja
Estévez Fernández, Carina
Guerrero Saco, Alejandro
Piñeiro Fernández, Raquel
Senra Francisco, Lorena del Carmen

Salgado André, Elena

Iglesias Prado, Elena
López Prieto, M^a Nieves

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 12.15 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 4 de outubro de 2012)
2. Informes da Decana
3. Aprobación, se procede, dunha delegación en Comisión Permanente para a modificación de partidas orzamentarias do Centro
4. Aprobación, se procede, da Memoria definitiva do Master en Dereito de Empresa
5. Aprobación, se procede, dunha postura de Centro en relación á proposta de normativa que regula a carga docente do Profesorado
6. Modificación, se procede, da normativa interna de Centro Para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos
7. Rogos e preguntas

Comeza a reunión sendo as 12 horas.

A Decana excusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: Dona Noemi García Gestoso; Don Jaime Cabeza Pereiro; Don Rafael Fernández Acevedo; Dona Belén Fernández Docampo; Dona Esther González Pillado; Dona Marta García Mosquera; Dona María Montero e Dona Lucía Núñez Martínez.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 4 de outubro de 2012)

Sométese a aprobación a acta do Consello anterior.

Pide a palabra a profesora Almudena Bergareche para ler un escrito que presenta á mesa solicitando que no Punto 7 da orde do día da reunión anterior, en concreto no referente á proposta e aprobación da Comisión de Docencia, no párrafo que contén a súa renuncia a formar parte da mesma a súa intervención se reflicta precisando a causa que motivou dita renuncia, que sí fixera pública na reunión. Polo tanto onde o borrador de acta dicía: *“A profesora Almudena Bergareche manifesta que non quere formar parte desta Comisión polo que a Decana pregunta se hai algún membro do Departamento de Dereito Público que se postule para formar parte da mesma. Postúlase a Profesora Noemi García Gestoso”*, diga: *“Tras preguntar que si su cualidad de miembro de la Comisión de Docencia lo sería como Directora de Departamento y recibir una respuesta positiva por parte de la Decana, la profesora Almudena Bergareche manifestó que, en esa condición, renunciaba a formar parte de dicha Comisión por lo que la Decana pregunta si hay algún miembro del departamento de Derecho Público que se postule para formar parte de la misma. Postulándose la Profesora Noemi García Gestoso”*.

Pide a palabra o Profesor Pablo Grande Seara para solicitar que no tratamento do punto 11 da orde do día da reunión anterior se recolla a xustificación que deu na Xunta acerca do motivo no que se sustenta a proposta da súa área de incluír no Plano de Estudos do Master en Dereito de Empresa unha materia de Dereito Procesual.

Polo tanto, o segundo parágrafo do punto 11 da acta da Xunta de Facultade anterior queda redactado como segue: *“O profesor Pablo Grande Seara comunica que ven de presentar no Decanato un escrito de alegacións á Memoria Inicial no que se pon de relieve que dende a súa área consideran que na Memoria presentada debería incluírse algunha materia de Dereito Procesual e, por conseguinte, propoñen incluír unha materia de 3 créditos sobre resolución extraxudicial de conflitos. Aclara que a citada proposta obedece a que os Masters de características equivalentes que se ofertan no mercado inclúen nos Planes de Estudo alomenos unha materia de entre 3 e 6 créditos de Dereito Procesual”*.

Apróbase a acta coa inclusión das observacións realizadas.

2. Informes da Decana

A Decana informa dos seguintes aspectos:

1.- Finalmente a delegación solicitada na última Xunta de Facultade para que os informes de seguimento das titulacións impartidas no centro poidesen ser aprobadas en Comisión de Permanente terá que ser efectiva pois non estaban todos os informes dispoñibles para esta Xunta de Facultade.

2.- Informa de diversas obras que se levarán a cabo na Facultade: Nas vindeiras semanas se iniciarán obras de traslado dos vestiarios da cafetería e do servizo de limpeza para o bloque B na planta baixa. Deste xeito volverán a abrirse como baños los que están situados no bloque A na planta baixa para dar un maior servizo á zoa da cafetería e á zoa das aulas do bloque A.

Por outro lado está prevista unha ampliación da Secretaría do Decanato así como a dotación ao mesmo de un baño para o que se empregarán parte das instalacións do baño da primeira planta do bloque A.

3. Aprobación, se procede, dunha delegación en Comisión Permanente para a modificación de partidas orzamentarias do Centro

A Decana explica que a data para facer modificacións presupuestarias remata o día 7 de novembro polo que para facer uso dos fondos dos que disponemos e non perder diñeiro é preciso unha Delegación.

Apróbase a delegación por asentimento

4. Aprobación, se procede, da Memoria definitiva do Master en Dereito de Empresa

O Vicedecano Luis Muleiro explica as alegacións presentadas e a resposta que ás mesmas se fixo desde a Comisión de traballo do Master. En resumo:

- a) Os Profesores González Pillado e Grande Seara presentaron unas alegacións nas que expresaban que, á vista de outras titulacións que se mencionan na Memoria como referentes externos, votábanse en falta contidos mínimos de Dereito Procesual que se consideran indispensables nun Máster destas características. Propoñían a inclusión dun módulo/materia de al menos 3 ECTS sobre: "Resolución xudicial e extraxudicial de conflitos".

A Comisión de traballo designada para a elaboración da Memoria considerou que aínda que existen outras titulaciones de referencia nas que existen contidos de Dereito Procesual, no é menos certo que ditas titulacións integran un plan de estudos de maior número de créditos (90 o 120) e, nos que se integran módulos optativos, ou itinerarios, que permiten alcanzar algún contido de practicamente todos os ámbitos do Dereito. O Máster en Dereito de Empresa é unha titulación que pretende unha formación especializada do alumno nas áreas máis importantes vinculadas ao Dereito Empresarial, especialmente Mercantil y Tributario, nun título de 60 créditos ECTS. Non hai demasiado marxe á hora de diseñar un título con outros contidos que encontran mellor acomodo noutras titulacións posgraduales como o Máster en Avogacía.

- b) O Decanato da Facultade presentou outro escrito de alegacións propoñendo unha mellora técnica da memoria inicial onde se concretasen as competencias específicas e as fichas correspondentes a cada materia. Foi unha observación que tamén fixo a área de Posgrado da UVigo no seu informe técnico e, por iso, foi atendida na redacción da Memoria final. Asemade solicitábase a inclusión dun módulo específico de Dereito Marítimo cunha materia de Dereito Marítimo. Nos traballos da Comisión específica propuxéronse contidos de Dereito Marítimo desde os módulos Administrativo, Mercantil e Tributario, polo que se estimou oportuno atender dita alegación á Memoria inicial.
- c) A Área de Posgrado fixo diversas observacións referidas a: Unha maior concreción técnica nalgúns apartados relativos á admisión de estudantes, competencias, descripción do título, planificación das ensinanzas e materias. Todas son tidas en conta na Memoria final presentada para a súa aprobación perante esta Xunta de Facultade.

O profesor Pablo Grande Seara pide a palabra para manifestar en relación coa resposta dada ás alegacións á Memoria inicial do Master presentada pola súa área que todos os referentes externos que constan no escrito de alegacións inclúen algunha materia de Dereito Procesual, sembra, entende, que esta é a única Facultade de España na que se considera que o Dereito de Empresa non abrangue ao Dereito Procesual. Por outra banda parécelle chamativo que o mesmo equipo decanal que presenta unha Memoria Inicial do Master que resulta aprobada case por unanimidade logo presente alegacións que comprenden alteracións importantes da devandita Memoria.

A Profesora Martínez Hens pregúntalle ao Vicedecano Luis Muleiro cal é a razón pola que se entendeu que o Dereito Civil non tiña cabida nun Master en Dereito de Empresa.

O Profesor Luis Muleiro explica que a razón obedece á especialización do Título. O Máster é un Máster específico no que non se ofertan materias que xa teñen presenza e se estudan noutros Masters. O Título justifícase pola súa especialización, polo que deben evitarse reiteracións.

O Profesor Pablo Grande indica que comparte a opinión de que non todos os Masters teñen que ter as mesmas materias, pero que ao mellor o problema deste Master é a súa denominación: “Dereito de Empresa”. Considera, á vista do contido que se lle quere dar, que a denominación non é a máis axeitada, pois un Master en Dereito de Empresa tería que incluír algunha materia de Dereito Procesual. Ademais, engade, que se terían que ter enviado aos membros da Xunta a respostas ás alegacións antes desta reunión. A Decana indícalle que se enviarán as respostas ás mesmas.

Solicita a palabra o Profesor Anxo Tato, que como Catedrático de Dereito Mercantil e profesor noutros Masters de características similares ao que nos ocupa afirma que non é certo que todos os Másters comparables con este teñan materias de Dereito Procesual. Pode citar, por exemplo, o recoñecido Master de ESADE. Explica que cunha proposta de Master como a que estamos a tratar búscase profundizar en coñecementos especializados, pois cada Máster está orientado á adquisición de coñecementos específicos. Tamén él consideraría que o Master de Avogacía está carente de

coñecementos propios de Dereito Mercantil e sobre a base da razón de especialización, no seu día na súa área entenderon que non debían presentar alegacións á Memoria de dito Master por tal motivo.

A Decana engade que non se trata de excluír a ninguén, que naturalmente está clara a relevancia que ten o Dereito Civil, por exemplo, pero hai que ter en conta que o número de créditos que ten o Master tamén encorseta moito e impide incluír no seu plan de Estudos todas as materias que poderían ter alguna relación. Conclúe que hai que priorizar tendo en conta o tipo de especialización buscada en cada Master.

O Profesor Pablo Grande Seara aclara, en resposta ao Profesor Anxo Tato, que todos os Masters referidos no escrito de alegacións presentado pola súa área sí inclúen alguna materia de Dereito Procesual.

O Profesor Anxo Tato expresa que un escrito de alegacións feito desde o punto de vista do interese científico debería haber tido en conta que hai outros Masters de referencia e prestixio internacional que poderían terse citado e que non inclúen materias de Dereito Procesual. Non considerar estes Masters pódese considerar tendencioso.

A Decana reitera que a decisión da Comisión de non incluír máis materias das integradas baséase na intención de ofertar un Máster de especialización, o que considera lexítimo, como así se considerou cando se propuxeron outros Másters.

Finalmente procédese á votación acadándose os seguintes resultados:

- a) Votos a favor da aprobación da Memoria definitiva do Master: 23
- b) Votos en contra da aprobación da Memoria definitiva do Master: 1
- c) Abstencións: 9

Apróbase por maioría a Memoria definitiva do Master en Dereito de Empresa

5. Aprobación, se procede, dunha postura de Centro en relación á proposta de normativa que regula a carga docente do Profesorado

A Decana explica a orixe da proposta. Na Comisión de Docencia acordouse elevar á Xunta de Facultade a seguinte proposta de acordo:

“Á vista da proposta elevada pola Comisión de Docencia á Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e tendo en conta que a aplicación do *Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo* nesta Universidade vai perxudicar seriamente a unhas poucas titulacións e Centros, ao noso de forma particular, ésta Xunta de Facultade, por unanimidade, acordou:

1.- Rexeitar enérxicamente a proposta de normativa que regula a carga docente do profesorado nos termos en que foi presentada á COAP e rexeitada pola mesma e que foi retirada do último Consello de Goberno.

2.- Reivindicar a necesidade de que a normativa que se desenvolva tome en consideración criterios que complementen ao do sexenio –único contemplado-, coa finalidade de non perxudicar a algunhas titulacións facéndolles soportar significativamente por riba doutras os efectos das restriccións. En particular, propóñense os seguintes criterios:

- a) Número de alumnos efectivos cos que ten que traballar o profesorado do centro para a implatación do Grao. De non terse en conta este criterio neste Centro é imposible desenvolver os Graos nos termos en que esixen as Memorias das titulacións.
- b) Dificultade que plantexan as materias cando están sometidas a permanentes modificacións externas motivadas polo cambio continuo de lexislación.
- c) Custos de persoal docente imputable á formación de cada alumno.

3.- Reivindicar o recoñecemento da dedicación docente nas titulacións a extinguir.

4.- Reivindicar o recoñecemento adecuado de outras tarefas docentes que desenvolve o profesorado tales como o PAT, planificación docente, integración de Comisións, etc. En particular, un recoñecemento máis axeitado ao esforzo que en certas titulacións do ámbito xurídico-social implica a dirección de TFG.

5.- Reivindicar o cumprimento do valor fixado para o Crédito ECTS remitida pola propia Universidade para a elaboración dos Planos de Estudo de Grao que están actualmente en proceso de implantación”.

Apróbase por unanimidade a adopción do acordo nos termos expostos, que será elevado á Reitoría.

6. Modificación, se procede, da normativa interna de Centro Para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos

A Decana explica a razón de ser desta proposta de modificación e a fórmula en que se distribuirán as propostas temáticas entre alumnos.

A Profesora Almudena Bergareche pide a palabra para preguntar se a docencia maioritaria da que se fala no apartado 3 do artigo 6 refírese en global ao Centro ou a unha das titulacións. A Decana contesta que ao Centro. Asemade a Profesora Bergareche plantexa outras cuestións relativas as horas de recoñecemento por dirección de TFG, en particular, pregunta se haberá recoñecemento de horas con cargo á bolsa de horas da que dispón o Decanato. A Decana explica que o recoñecemento por TFG dirixido nas titulacións dos centro, coma o noso, nas que esta materia ten un valor de 6 créditos ECTS é de 3 horas, e que polo de agora non o pode garantir que se poidan atribuir máis horas de descontó por traballo dirixido.

O Profesor Santos Castroviejo pregunta se consonte á redacción da normativa terá que facer propostas temáticas de TFG. Verificado que cumpre os requisitos previstos na normativa constéstaselle que efectivamente terá que ofertar propostas.

A alumna Carina Estévez Fernández pide a palabra para expresar que quere votar en contra da proposta presentada pois considera que non é xusto que un alumno non poida elixir con qué profesor ou sobre qué materia facer o seu TFG.

A Decana explica que pola experiencia do ano pasado por razóns operativas outro sistema non funcionaría e causaría considerables trastornos.

Os alumnos seguen a expresar a súa preocupación polo sistema que se empregará para asignar os traballos. O Profesor Orge explica que o problema é de recursos, que non hai suficientes recursos para que cada alumno poida facer o traballo na temática que desexe ou co profesor que elixa.

Debátense diversos aspectos que poderían terse en conta para mellorar a asignación. En particular a profesora Mar Rodríguez propón que os alumnos non están dacordo coa proposta temática que se lles asigna, poidan cambialo por acordo con algún outro alumno. Esta proposta é acollida con agrado e acórdase que se lle dé publicidade entre os alumnos cando se publique o sistema de asignación de temáticas.

Apróbase por asentimento a redacción dos artigos 6 e 9 e respectivos Anexos da normativa interna de Centro Para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos tal como figura no Anexo I desta acta.

7. Rogos e preguntas

Non habendo rogos e preguntas, levántase a sesión sendo as 14.30 h. do que dou fe como Secretaria

ANEXO I

Os artigos 6 e 9 da normativa interna de Centro Para a elaboración do Traballo Fin de Grao en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos pasan a ter a seguinte redacción:

ARTIGO 6: TITOR/A ACADÉMICO/A

1. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFG forman parte das obrigas docentes do profesorado.
2. Todos os TFG terán un titor/a académico, que será profesor do Grao en Dereito ou do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, respectivamente, e que orientará e supervisará a elaboración do TFG ao longo de toda a súa duración para o logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias.
3. Todos/as o/as profesores con vinculación permanente e Axudantes Doutores que impartan docencia maioritaria nos Graos do Centro poderán actuar como titores académicos. Os profesores asociados poderán actuar como titores cando teñan unha adicación no centro correspondente, como mínimo, á de T3-P4. Excepcionalmente, a Comisión de Traballo Fin de Grao poderá autorizar a dirección ou titorización de TFG a profesores non incluídos nesta relación por necesidade docente ou en atención á especial cualificación do profesor.
4. Cada curso académico a Comisión de Traballo Fin de Grao determinará o número de traballos que titorizará cada profesor atendendo ao número de alumnos matriculados na materia.
5. Se a natureza dun TFG o requirise, a Comisión de TFG poderá autorizar a elaboración do TFG en réxime de co-titoría entre profesores dos Graos do Centro ou entre profesores do Centro e outros docentes da Universidade de Vigo. Neste último suposto, un dos titores deberá ser profesor dalgún dos Graos impartidos no Centro.
6. Se a elaboración do TFG requirise a implicación de organismos ou entidades públicas ou privadas, ademais de que conste expresamente o seu interese na colaboración, propórase unha persoa como colaborador aos efectos de prestar a axuda necesaria para o desenvolvemento do TFG.
7. Nos casos de baixa prolongada dalgún titor, ou da súa desvinculación coa Universidade, a Comisión pertinente asignará un novo titor ao alumno/a afectado.

ARTIGO 9: PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS

1. No primeiro cuatrimestre de cada curso académico a Comisión de TFG determinará o número concreto de propostas temáticas que deban presentar os profesores, que será fixado atendendo ao número de matriculados que teña a materia TFG. Asimesmo, a Comisión establecerá os prazos concretos nos que as propostas de TFG deben ser presentadas no Decanato da Facultade para a súa publicidade.
2. As propostas de TFG deberán estar vencelladas ao perfil da titulación para o que se propoñen.

Cada proposta temática deberá ir acompañada dunha breve exposición da finalidade e dos motivos que acreditan o interese e viabilidade do TFG proposto. A tal efecto facilítase o modelo para presentar as propostas nos Anexos desta normativa segundo se trate dos Graos de Dereito ou de Relacións Labotais e Recursos Humanos.

3. Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, as propostas presentadas serán estudadas pola Comisión de TFG que decidirá sobre a inclusión de cada proposta. Necesariamente, deberá motivar as exclusións e, no seu caso, abrir un novo prazo para a presentación de novas propostas.

4. O calendario e procedemento de asignación de traballos entre o alumnado é competencia da Comisión do TFG e farase público pola mesma en cada curso académico.

Anexo I (a)

**FORMULARIO DE PROPOSTAS TEMÁTICAS PARA A TUTORIZACIÓN DE TFG
DO
GRADO EN RELACIONES LABORAIS E RECURSOS HUMANOS
CURSO ACADÉMICO**

PROF./A. TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRIPCIÓN (ORIENTACIÓN, OBJECTIVOS, METODOLOGÍA, ETC.)	

PROF./A. TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRIPCIÓN (ORIENTACIÓN, OBJECTIVOS, METODOLOGÍA, ETC.)	

PROF./A. TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRIPCIÓN (ORIENTACIÓN, OBJECTIVOS, METODOLOGÍA, ETC.)	

**Á COMISIÓN ESPECÍFICA DE TRABALLOS FIN DE GRAO
(GRADO EN RELACIONES LABORAIS E RECURSOS HUMANOS)**

Anexo I (b)
FORMULARIO DE PROPOSTAS TEMÁTICAS PARA A TITORIZACIÓN DE TFG
DO
GRAO EN DEREITO
CURSO ACADÉMICO.....

PROF./A. TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBJECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

PROF./A. TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBJECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

PROF./A. TITOR/A	
PROPOSTA TEMÁTICA	
TÍTULO	
BREVE DESCRICIÓN (ORIENTACIÓN, OBJECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)	

Á COMISIÓN ESPECÍFICA DE TRABALLOS FIN DE GRAO
(GRADO EN DEREITO)